

**MANIFESTO DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO, OS ALCALDES/AS E VOCEIROS/AS DO PSDEG-PSOE DA PROVINCIA EN FAVOR DA DOTACIÓN DOS SERVIZOS DE HEMODINÁMICA AS 24 HORAS, RADIOTERAPIA E MEDICINA NUCLEAR NO HOSPITAL UNIVERSITARIO LUCUS AUGUSTI (HULA)**

---

**A/A Excmo. Sr. Alberto Núñez Feijóo, Presidente da Xunta de Galicia**

**NON SOMOS CIDADÁNS DE SEGUNDA**

O presidente da Deputación e a totalidade dos alcaldes do PSdeG-PSOE en Lugo reivindicamos para os veciños e veciñas da provincia unha sanidade pública de calidade e a dotación de servizos que garantan unha asistencia adecuada e eficaz. Isto é, que cumpra coas recomendacións dos profesionais científicos e que sexa igualitaria con respecto aos cidadáns e cidadás do resto de provincias galegas e españolas.

Desde o PSdeG-PSOE unímonos para facer recapacitar aos responsables da Xunta de Galicia e apelar á súa vontade política para cumprir coas dotacións xa comprometidas durante a etapa do anterior goberno autonómico.

Esiximos Hemodinámica as 24 horas no HULA, porque non podemos permitir que o tempo de atención medio para realizar un cateterismo en caso de infarto sexa de case 180 minutos para os e as lucenses, cando os expertos din que despois de 120 minutos os danos poden ser irreversibles e o risco de morte é ata do triple.

Esiximos Radioterapia, porque non podemos consentir que 600 lucenses teñan que trasladarse cada ano a outra provincia para recibir o seu tratamento contra o cancro nunhas condicións que afectan ao enfermo e aos seus familiares. Esiximos tamén Medicina Nuclear, porque un hospital de referencia non pode quedar atrás na diagnose de enfermidades e non debe renunciar a darlle seguridade e unha atención de calidade aos veciños e veciñas.

Reclamamos que estas peticións sexan tratadas como o que deben ser: unha prioridade para a Xunta. E solicitamos que este tema sexa abordado por riba de motivos ideolóxicos, por diante de criterios de calculadora e coa mirada autónoma e independente que debe ter o Goberno de Galicia, que nun problema destas características non pode escudarse en decisións tomadas desde Madrid nin en Consellos Interterritoriais, senón na realidade e as necesidades propias da poboación galega e, neste caso, lucense.

**MANIFESTO DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO, OS ALCALDES/AS E VOCEIROS/AS DO PSDEG-PSOE DA PROVINCIA EN FAVOR DA DOTACIÓN DOS SERVIZOS DE HEMODINÁMICA AS 24 HORAS, RADIOTERAPIA E MEDICINA NUCLEAR NO HOSPITAL UNIVERSITARIO LUCUS AUGUSTI (HULA)**

---

Por todo isto, e co ánimo dunha apertura de diálogo que nos leve a ter unha decisión favorable por parte da Xunta, pedimos que se escoite a nosa voz, que non é máis que o eco das reclamacións multitudinarias dos e das profesionais da sanidade e de todos os veciños e veciñas de Lugo. Terán sempre o noso apoio para unhas reclamacións que son de xustiza para unha Galicia cos servizos sociais que merece, e que debe deixar de ter dúas velocidades.

Asimesmo, manifestamos que estaremos vixiantes tras os pasos dados coa xestión integrada única, que non compartimos, por supoñer a eliminación da independencia e a autonomía orzamentaria das áreas da Mariña e Lemos, e por abrir a porta da privatización e a centralización de servizos co progresivo abandono das zonas rurais.

Tamén lembramos os compromisos incumpridos por parte da Xunta de Galicia en materia de sanidade na provincia, como a dotación dos edificios do antigo Hospital Xeral ou as melloras e investimentos nos hospitais comarcais de Burela e Monforte.

Os abaixo asinantes pregamos que o Presidente da Xunta e os responsables da Consellería de Sanidade teñan en conta as nosas solicitudes en favor da provincia.

**NOME**

**CARGO**

**SINATURA**
